

Resolución reitoral pola que se convocan axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, no curso académico 2022/2023

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Os estudos de Doutoramento, conducentes á obtención do correspondente título, teñen como finalidade a especialización do estudantado na súa formación investigadora dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico ou artístico. Todo proceso de investigación debe culminar coa difusión das principais contribucións orixinais e resultados significativos acadados a través de artigos, relatorios, conferencias ou canle equivalente. A difusión é esencial para poñer ditas contribucións en común coa comunidade científica, brindando así a oportunidade de que os seus membros as analicen e contrasten. En último termo, a difusión da investigación é o medio para contribuír ao incremento do coñecemento universal.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para a difusión dos resultados de investigación do estudantado do Programa de doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN PARA ESTUDANTADO DE DOUTORAMENTO INTERUNIVERSITARIO EN PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL**1. OBXECTO**

Estas bolsas teñen por obxecto promover á difusión dos resultados das investigacións realizadas durante o período de formación do estudantado de doutoramento a través de publicacións científicas de impacto, congreso internacional ou canle equivalente. Distínguense os seguintes conceptos de axuda:

- Tradución ó idioma inglés dun artigo científico para o seu envío a unha revista científica indexada.
- Tradución ó idioma inglés dun traballo científico presentado como comunicación oral nun congreso internacional con comité científico internacional.
- Tradución ó idioma inglés dun traballo orientado á exposición museística.
- Participación como editor dunha revista científica indexada.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a axuda o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Terse matriculado/a no *Programa de Doutoramento Interuniversitario en Protección do Patrimonio Cultural* no curso académico 2022/23 na Universidade de Vigo.
2. Ter superadas as seguintes actividades formativas:
 - a. Iniciación á investigación
 - b. Xestión de bases e información científica
 - c. Comunicación e difusión de traballos de investigación
 - d. Defensa do plan de investigación (todas as correspondentes ás anualidades anteriores ao ano en curso), agás o estudantado que inicia os estudos.
3. Estar en disposición de presentar un artigo ou traballo científico a un dos medios de difusión descritos no punto 1 cumprindo os prazos establecidos na presente convocatoria, ou exercer activamente como editor dunha revista científica indexada no momento de publicación da presente convocatoria.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

3. INCOMPATIBILIDADES

A cada persoa solicitante só se lle poderá asignar unha das axudas ofertadas dentro do seu programa de doutoramento.

A axuda será incompatible con calquera outra bolsa ou axuda concedida por calquera institución pública ou privada para o mesmo fin.

Excepcionalmente, cando a axuda concedida non cubra a totalidade dos gastos, poderá ser compatible con outras axudas. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere



o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados as axudas concedidas ao estudantado matriculado na **Universidade de Vigo** irán a cargo á aplicación orzamentaria 2023 00PG 131H 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 1.503,00 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima da axuda será o custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista no seu caso ata o esgotamento do crédito orzamentario. No suposto de que o orzamento dispoñible non fose suficiente para atender a todas as persoas con dereito a percibir a bolsa, estas serán adxudicadas respectando a prelación establecida segundo os criterios de selección establecidos no punto 6.

4. O pago efectuarase unha vez presentadas as facturas que acreditan o custo realizado mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12414 **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenerica (SXER) existente na sede, e pór como **Asunto** “*Bolsas difusión investigación protección patrimonio cultural*”, achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emenda a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **8 de setembro de 2023**, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Compromiso asinado polas persoas directoras da tese conforme o/a alumno/a está en disposición de enviar ao medio de difusión solicitado un artigo ou traballo científico cos resultados das súas investigacións cumprindo os prazos establecidos na presente convocatoria, ou conforme o/a alumno/a exerce como editor dunha revista científica indexada.



- Currículo correspondente ás actividades realizadas nos cursos 2020/21 e 2021/22.
- No seu caso, copia doutras solicitudes de bolsa para a mesma finalidade que se tivesen presentado tanto en institucións, entidades ou fundacións públicas e privadas.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando os motivos de exclusión**.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de premios ofertados aplicárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A selección será efectuada pola Comisión Académica do programa de acordo cos seguintes criterios:

- a. A tipoloxía do medio de difusión proposto: revista científica de subscrición, congreso con comité científico internacional, outros. Ata 50 puntos.
- b. Os indicadores de calidade do medio de difusión proposto: posición relativa da revista na área temática JCR ou equivalente, relevancia da publicación no seu ámbito, outros. Ata 25 puntos.
- c. Os méritos curriculares das persoas solicitantes nos cursos 2020/2021 e 2021/2022. Ata 25 puntos.

Para obter a axuda será necesario acadar como **mínimo 20 puntos**.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con axuda concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as axudas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con axuda concedida, con axuda denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.



Unha vez presentada as facturas de acordo co establecido na base 8 se publicará a resolución de adxudicación definitiva coa súa contía.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución, ou ben directamente recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das axudas deberán **presentar** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas a **aceptación do artigo** proposto por parte do medio de difusión (publicación, congreso ou equivalente) no **prazo máximo de 30 días naturais** a contar dende a publicación da resolución definitiva de axudas concedidas, e en todo caso antes do 1 de decembro de 2023. No caso dos editores de revista, deberán xustificar no mesmo prazo a labor como editor de revista indexada (número de artigos xestionados). De non facelo entenderase que renuncia e se lle concederá a axuda á seguinte persoa da lista de agarda, quen disporá a súa vez dun novo prazo de 30 días naturais para acreditar a aceptación do artigo.

A renuncia voluntaria á axuda deberá facerse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pago. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das axudas deberán:

- Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
- Enviar á Sección de Bolsas e Axudas no prazo máximo de 45 días desde a aceptación da publicación (DOI ou equivalente), e en todo caso antes do 1 de decembro do 2023, a evidencia que avale a publicación definitiva do artigo científico, a presentación da comunicación oral en congreso, ou equivalente.
- Presentar as facturas que acrediten os gastos antes do 1 de decembro do 2023.



- No caso de obter unha subvención para a mesma finalidade con posterioridade á solicitude da axuda, as persoas beneficiarias deberán comunicalo por escrito á Sección de Bolsas e Axudas.
- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexan de aplicación*.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

